

PROGRAMACIÓN

3º ED. PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE GRAXAL
CURSO 2021/2022

Esta programación foi elaborada aplicando a lexislación vixente da LOMCE:

*“DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece
o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia”.*

E tendo en conta a Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de

Cultura ,Educación e Universidade e de Sanidade pola que se
aproba o “ Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos
centros de ensino non universitario de Galicia
para o curso 2021-2022”.

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN DE 3º DE E.P

1. Introducción e contextualización. Adaptación ás novas medidas.
2. Obxectivos da Educación Primaria.
3. Competencias clave.
4. **Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles** das distintas áreas:
 - **4.1-Lingua galega**
 - **4.2-Lengua castellana y literatura**
 - **4.3-Matemáticas**
 - **4.4-Ciencias sociais**
 - **4.5-Ciencias naturais**
 - **4.6-Valores cívicos e sociais**
5. Ensinanzas transversais.
6. Avaliación:
 - Procedementos
 - Estándares de aprendizaxe
 - Instrumentos de avaliación
 - Criterios de cualificación.
 - Avaliación da programación.
7. Metodoloxía.
8. Organización de espacial e temporal.
9. Materiais e recursos didácticos.
10. Atención á diversidade.
11. Incorporación das TIC.
12. Accións de contribución ao proxecto lector do Centro.
13. Proxecto lingüístico.
14. Plan de convivencia.
15. Actividades complementarias e extraescolares.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O noso colexio CEIP Graxal, está situado nun barrio maioritariamente novo, con vivendas de recente construción.

Así, a orixe do alumnado é de clase media ou media-baixa. A incidencia do paro ven sendo escasa, aínda que cada vez, nótanse máis os problemas derivados desta situación.

A lingua maioritaria entre o alumnado é o castelán aínda que poucos din ser descoñecedores da lingua galega, incluso hai familias que empregan este idioma no seu ámbito familiar. Podemos dicir, que polo xeral, hai un gran descoñecemento do galego, con máis dificultades a nivle expresivo que comprensivo.

As áreas que durante este curso se impartirán en **lingua galega** serán: lingua galega, sociais e naturais.

En **lingua castelá** impartirase matemáticas, lingua castelá e literatura e valores. No tocante ás características físicas do centro hai que sinalar que consta de dous edificios: un antigo e un moderno, ademáis do pavillón. Hai un patio de recreo, con zona delimitada para Educación Infantil.

Neste contexto iniciamos a programación deste nivel de **3º de E.P.** . Adaptación da programación didáctica en relación coa problemática xerada pola COVID-19.

Algúns dos obxectivos imprescindibles que debemos seguir traballando son os relacionados coa interacción do alumnado, socialización, resolución pacífica de conflitos, traballo cooperativo, así coma de expresión oral nas diferentes linguas cooficiais da nosa comunidades autónoma e lingua extranxeira .Polo tanto durante o presente curso priorizaránse os obxectivos a), b), c), d) , e), f), g) da presente programación **cando as clases sexan presenciais** favorecendo expresión e comunicación oral entre o alumnado e o traballo cooperativo e alternaremos a aula virtual coa clase presencial para acadar os obxectivos h) ,i) ,j) ,k) , l), m), n), o), p).

En canto a competencia dixital a través da aula virtual realizaranse periódicamente actividades para familias e alumnado facilitando a reciprocidade na interacción familia, alumnado, escola para o seguimento da actividade escolar. O obxectivo destas actividades é formar a alumnado e familia no manexo activo da aula virtual.

Tendo en conta que a xornada lectiva veuse diminuída polos protocolos de entradas, saídas, limpeza, ventilación... daremos *prioridade as aprendizaxes instrumentais básicas nas linguas en escritura , lectura, expresión e comprensión. así como razoamento matemático e resolución de problemas, cálculo e resolución de problemas.*

No caso de **aprendizaxe semipresencial** alternaremos a aula virtual coas actividades presenciais que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso das *aprendizaxe para a adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas.*

En caso de confinamento a consecución dos obxectivos e as propostas de actividades realizaránse a través da aula virtual .

A principio de curso pasamos unha enquisa as familias , podemos concluir que todo o alumnado de terceiro dispón de medios para poder realizar as diversas propostas da aula virtual xa que dispoñen de aparellos con conexión internet xa sexan tablet, dispositivos móbiles ou computadores...

Se están a realizar tarefas na aula Tic e na aula ordinaria para coñecer o funcionamento da aula virtual. En caso de confinamento realizaranse conexión virtuais periódicas por Webex para poder desenrolar os obxectivos realiccionados coa interacción do alumnado, socialización e co traballo cooperativo; obxectivos a), b), c), d) , e), f), g) da presente programación.

2.OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Distinguir, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as per soas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación en todos os sentidos.
- f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Saber os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade.

3. **COMPETENCIAS CLAVE**

Competencia é a capacidade dunha persoa de desenvolver os propios coñecementos e habilidades en contextos e situacións cotiás, nas que son precisos coñecementos vinculados a diferentes saberes, e por tanto transversais.

Ser competente implica comprender as situacións, reflexionar sobre o que está a pasar e discernir sobre a mellor acción a desenvolver de acordo coa dimensión social de cada situación.

O termo competencia inclúe tanto os saberes (coñecementos teóricos) como as habilidades (coñecementos prácticos ou aplicativos) e as actitudes (compromisos persoais). O termo vai máis alá do *saber* e do *saber facer*, porque inclúe tamén o *saber ser* ou *estar* e o *saber aprender*. **Trátase de aprender a ser e actuar de modo autónomo, aprender a pensar e comunicar, aprender a descubrir e ter iniciativa e aprender a convivir e habitar no mundo.**

As **Competencias clave** da LOMCE, son as seguintes:

1) **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A (CCL) é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Precisa da interacción de distintas destrezas, xa que se produce en múltiples modalidades de comunicación e en diferentes soportes. Desde a oralidad e a escritura ata as formas máis sofisticadas de comunicación audiovisual

Os coñecementos ou destrezas que se adquiren con esta competencia permiten a expresión de pensamentos, emocións ou vivencias, así como tamén favorecen o diálogo, o xuízo crítico, adoptar decisións, dar coherencia ao discurso, entre outras, fomentando así a autoestima e a confianza nun mesmo.

2) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos (operacións, números, medidas, cantidade, espazos, formas, datos, etc.).

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico.

3) **Tratamento da información e competencia dixital. (CD)**

A (CD) é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamiento da

información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

4) Competencia para aprender a aprender (CPAA):

Supón a habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En canto á organización e xestión da aprendizaxe, require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónomo.

5) Competencias sociais e cívicas (CSC)

Levan a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais.

6) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE)

A (SIE) para transformar as ideas en actos. Entre os coñecementos que require esta competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e auto-avaliación.

7) Conciencia e expresións culturais (CEC)


Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal.

4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES

A continuación, pasamos a desenvolver estes elementos curriculares, a súa presenza e distribución **NAS DISTINTAS ÁREAS:**

- 4.1-Lingua galega
- 4.2-Lingua castelá e literatura
- 4.3-Matemáticas
- 4.4-Ciencias sociais
- 4.5-Ciencias naturais
- 4.6-Valores cívicos e sociais.



4.1 ÁREA DE LINGUA GALEGA

Esta área de libre configuración autonómica resalta a importancia do coñecemento da nosa lingua xa que é o instrumento empregado constantemente na vida diaria como un medio de relación entre as persoas ademais de estar presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe.

A área está dividida nos seguintes bloques:

- a. Bloque 1, Comunicación Oral: falar e escoitar.
- b. Bloque 2, Comunicación escrita: ler.
- c. Bloque 3, Comunicación escrita: escribir.
- d. Bloque 4, Coñecemento da lingua.
- e. Bloque 5, Educación literaria.

Para o desenvolvemento deste currículo dividiremos a materia en unidades didácticas que serán repartidas ao longo das tres avaliacións. En cada unha serán tratados aspectos de todos os bloques.

A continuación desglosaremos os distintos elementos curriculares. Establecidos para 3º curso de Educación Primaria, dentro da área de Lingua galega.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Estándares de aprendizaxe	Competencias	Contidos mínimos
	Criterios de avaliación mínimos	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas nos intercambios orais. LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
B1.9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada.
B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses.	LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.
B2.7. Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias.	LGB2.7.2. Valora as bibliotecas como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.
B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e lecer.	LGB2.9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, instrucións.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	LGB4.1.3. Separa as sílabas diferenciando a sílaba tónica e átonas. LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos. LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambiálo.
B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega os signos de puntuación. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos.	LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular.	LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).

MÍNIMOS ESIXIBLES

- ✓ Participación activa e colaborativa, na interacción co grupo ou co mestre/a en calquera situación comunicativa da aula e da escola.
- ✓ Respecto polas normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton de voz, ritmo).
- ✓ Produción de textos orais e audiovisuais de creación propia (exposicións, descrições de situacións ou procesos, de emocións), con preparación previa, e adaptando a entoación, o ton de voz ou o xesto á situación comunicativa.
- ✓ Interese por participar nas conversas e por expresarse con claridade e boa pronuncia.
- ✓ Comprensión de todo tipo de mensaxes orais en diferentes contextos e en calquera dos escenarios posibles: actividades da aula, situacións de aprendizaxe en calquera área, e na vida cotiá.
- ✓ Capacidade crítica para comprender aquilo que se escoitou e facerse preguntas a partir dos contidos expostos.
- ✓ Interese, atención e respecto polas intervencións dos outros.
- ✓ Comprensión das informacións escritas nalgún dos formatos posibles que fan referencia a calquera ámbito da escola e da vida cotiá.
- ✓ Lectura silenciosa e comprensión, segundo diferentes propósitos e intencións, de temas traballados na clase.
- ✓ Lectura e interpretación de esquemas, gráficos, mapas conceptuais e mensaxes con apoio audiovisual para saber extraer a idea principal e as relacións entre os elementos.
- ✓ Lectura en voz alta de forma que se axuste o ton de voz, a velocidade e a entoación ao auditorio.
- ✓ Interese polos textos escritos como fonte de información e aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.
- ✓ Escritura de textos producidos en diferentes situacións e que respondan a diferentes intencións co apoio de imaxes ou esquemas: narracións, explicacións, descrições, diálogos, noticias, receitas, cómics, entre outros.

- ✓ Conciencia do diferente funcionamento da lingua segundo o tipo de texto (léxico e organización e estrutura do texto).
- ✓ Conectores para enlazar oracións (*e, pero, porque, senón, aínda que, con todo...*): coñecemento e uso.
- ✓ Coñecemento e uso das leis ortográficas constantes (como *ga, gue, gui, go, gu*) e introdución ás leis de excepción.
- ✓ Acentuación gráfica: recoñecemento das sílabas dunha palabra, recoñecemento e acentuación das palabras agudas, graves e esdrúxulas.
- ✓ Adquisición do hábito de lectura para o gozo persoal e para a propia aprendizaxe.
- ✓ Audición, lectura e memorización de textos.
- ✓ Dramatización de contos, poemas e outros textos literarios adecuados á idade e aos intereses do grupo.
- ✓ Expresión de impresións persoais despois das lecturas e adopción dunha posición crítica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS ESIXIBLES

- Comprender producións orais (conferencias, exposicións, explicacións), provenientes de diferentes medios. Ter capacidade para facer unha síntese tamén oral a partir das ideas principais que se expuxeron.
- Participar activamente nas conversacións da clase e utilizar unha linguaxe comprensible para as funcións básicas, por exemplo relacionarse, aprender, expresar experiencias vividas, imaxinar. Así mesmo, ten que saber escoitar os outros e respectar as quendas de palabra.
- Expoñer temas de produción propia oralmente (exposicións, procesos, comentarios de actualidade, entre outros) con preparación previa, e adaptando a entoación, o ton de voz ou o xesto á situación comunicativa. Utilización de material gráfico.
- Entender autónomamente textos escritos (contos, poemas, artigos, folletos informativos...) e audiovisuais (películas, anuncios, informativos).

- Saber responder e formular preguntas referidas aos textos e libros de literatura que se leron ou miraron e saber facer unha valoración global.
- Escribir textos funcionais, narrativos, literarios e audiovisuais coherentes —á man e facendo uso das TIC— moi construídos, con riqueza de linguaxe, partindo do proceso de pensar, escribir ou elaborar e revisar e atendendo á corrección ortográfica e gramatical.
- Aplicar a acentuación gráfica na maioría dos casos nos textos de produción.
- Usar os mecanismos da lingua para crear significado, por exemplo derivación, composición, sentido figurado e todos os traballados durante o curso. Aplicación nos textos de produción propia.
- Distinguir a terminoloxía gramatical básica e a función de cada elemento nun enunciado.
- Mostrar progresiva autonomía na aprendizaxe: reflexión sobre o proceso, organización e planificación do traballo, aceptación dos erros, autocorrección e autoavaliación de todo o proceso.
- Valorar a diversidade lingüística e cultural de Galicia, de España e do mundo, con actitude de respecto cara ás persoas que falan outras linguas e interese por comprendelas.

4.2 -ÁREA DE LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

Iniciamos la programación de esta área de Lengua Castellana y Literatura cuyo **objetivo es el desarrollo de la competencia comunicativa** aportándole al alumno los conocimientos necesarios para desenvolverse en cualquier situación comunicativa.

Para llevar a cabo esto nos centraremos en dos procesos: por un lado la comprensión y expresión oral, y por otro la comprensión y expresión escrita.

El área está dividida en cinco bloques:

- ✓ **Bloque 1.** Comunicación oral: hablar y escuchar.
- ✓ **Bloque 2.** Comunicación escrita: leer.
- ✓ **Bloque 3.** Comunicación escrita: escribir.
- ✓ **Bloque 4.** Conocimiento de la lengua.
- ✓ **Bloque 5.** Educación literaria.

Para el desenvolvimiento de este currículo dividiremos la materia en unidades didácticas que serán repartidas a lo largo de las tres evaluaciones. **En cada una de ellas serán tratados aspectos de todos los bloques.**

A continuación desglosaremos los distintos elementos curriculares. Establecidos para 3º curso de Educación Primaria, dentro del área de Lengua castellana y literatura.

Objetivos	Contenidos	Criterios de evaluación
Estándares de aprendizaje	Competencias	Contenidos mínimos
	Criterios de evaluación mínimos	

➤ LENGUA CASTELÁN

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situaciones de comunicación, dirigidas o espontáneas, respectando el turno de palabra y las intervenciones.	LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opiniones y sentimientos con cierta claridad.
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situaciones de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente y con coherencia básica en diversas situaciones de comunicación.
B1.5. Reconocer el tema y las ideas principales de textos orales breves y sencillos de diferente tipología, según la forma del mensaje (descriptivos narrativos, dialogados, expositivos) y su intención comunicativa (informativos, literarios y prescriptivos).	LCB1.5.1. Comprende de forma global la información general de textos orales de uso habitual, del ámbito escolar y social, identifica el tema y selecciona las ideas principales: noticias, cuentos, folletos informativos, narraciones. LCB1.5.3. Responde preguntas sencillas correspondientes a la comprensión literal
B1.8. Producir textos orales adecuados al nivel, atendiendo a la forma del mensaje (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) y su intención comunicativa.	LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orales breves y sencillos del ámbito escolar y social, adecuados al nivel, imitando modelos.
B1.9. Utilizar de manera efectiva el lenguaje oral: escuchar y preguntar.	LCB 1.9.1. Emplea de manera efectiva el lenguaje oral para comunicarse y aprender: escucha y pregunta para asegurar la comprensión.
B2.1. Leer en voz alta y en silencio diferentes textos.	LCB2.1.1. Lee en voz alta, sin dificultad, diferentes tipos de textos apropiados a su edad. LCB2.1.2. Lee en silencio textos sencillos.
B2.3. Utilizar de manera guiada estrategias elementales para la comprensión lectora de textos muy sencillos de diversa tipología.	LCB2.3.1. Identifica las palabras clave de un texto. LCB2.3.3. Formula hipótesis sobre el contenido del texto a partir del título e ilustraciones. LCB2.3.5. Se inicia en utilización del diccionario.
B3.1. Producir textos siguiendo un modelo con diferentes intenciones comunicativas, cohesivas de manera elemental, aplicando las reglas ortográficas de nivel y cuidando la presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con ayuda y en diferentes soportes, textos sencillos propios de la vida cotidiana, del ámbito escolar y social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, cuentos, narraciones, anuncios publicitarios, recetas, instrucciones, normas... LCB3.1.3. Reproduce textos dictados sencillos.
B3.7. Escribir los textos establecidos en el Plan de escritura.	LCB3.7.1. Produce los textos establecidos en el plan de escritura adecuados a su edad y nivel.
B4.1. Aplicar los conocimientos básicos sobre la estructura de la lengua, la gramática (categorías gramaticales), el vocabulario (formación y significado de las palabras y campos semánticos), así como las reglas de ortografía para favorecer una comunicación más eficaz.	LCB4.1.4. Utiliza las normas ortográficas básicas.
B4.2. Desarrollar las destrezas y competencias lingüísticas a través del uso de la lengua.	LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases hechas, en la expresión oral y escrita.
B4.5. Valorar la diversidad lingüística de la comunidad autónoma.	LCB4.5.1. Valora la diversidad lingüística de la comunidad autónoma.
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios muy sencillos, en prosa o en verso, con sentido estético y creatividad: cuentos y poemas.	LCB5.4.1. Crea, con ayuda, sencillos textos literarios muy sencillos (cuentos, poemas) a partir de pautas o modelos dados.

CONTENIDOS MÍNIMOS EXIGIBLES

- ✓ **Participación y cooperación en situaciones comunicativas del aula, con valoración y respeto de las normas que rigen la interacción oral.**
- ✓ **Comprensión y producción de textos orales básicos según su tipología y adecuados a la edad: narraciones, descripciones, diálogos...**
- ✓ **Actitud de cooperación y de respeto en situaciones de aprendizaje compartido.**
- ✓ **Interés por expresarse oralmente con pronunciación y entonación adecuadas.**
- ✓ **Uso de un lenguaje no discriminatorio y respetuoso con las diferencias.**
- ✓ **Comprensión de informaciones concretas en distintos tipos texto, como invitaciones, felicitaciones, notas, avisos, noticias, folletos, descripciones, instrucciones...**
- ✓ **Interés por los textos escritos como fuente de aprendizaje y como medio de comunicación de experiencias y de regulación de la convivencia.**
- ✓ **Composición de distintos tipos de texto.**
- ✓ **Utilización de elementos gráficos y para textuales sencillos para facilitar la comprensión (ilustraciones y tipografía).**
- ✓ **Uso de las TIC en tareas sencillas.**
- ✓ **Interés por la escritura como instrumento para relacionarse y para aprender, e interés por el cuidado y la presentación de los textos escritos y por la norma ortográfica.**
- ✓ **Escucha de textos literarios y lectura guiada y autónoma, silenciosa y en voz alta, de textos adecuados a los intereses infantiles para llegar progresivamente a la autonomía lectora.**
- ✓ **Valoración de la autonomía lectora, interés por la elección de temas y textos, por la comunicación de las preferencias personales, y apreciación del texto literario como recurso de disfrute personal. Hábito lector.**
- ✓ **Uso de los recursos de la biblioteca del aula y centro, documentos audiovisuales, como medio de aproximación a la literatura.**
- ✓ **Comprensión, memorización y recitado de poemas con el ritmo, la pronunciación y la entonación adecuados.**
- ✓ **Recreación y reescritura de textos narrativos y de carácter poético (adivinanzas, refranes), utilizando modelos.**
- ✓ **Dramatización de situaciones y de textos literarios.**
- ✓ **Identificación de los contextos en los que la comunicación se produce mediante textos escritos y valoración de la escritura en determinados ámbitos.**

- ✓ **Identificación de los textos de uso frecuente en el aula** a partir de elementos paratextuales y textuales.
- ✓ Observación de las **diferencias entre la lengua oral y la escrita**.
- ✓ **Reconocimiento de la relación entre sonido y grafía** en el sistema de la lengua.
- ✓ Adquisición de vocabulario y **reconocimiento de palabras polisémicas, simples, derivadas, aumentativos, diminutivos, sinónimos, antónimos**.
- ✓ **Conocimiento y uso de la gramática: nombre, determinantes, adjetivo y verbos**.

CRITERIOS DE EVALUACIÓN MÍNIMOS EXIGIBLES

- ✓ **Participar activamente en actividades orales y juegos colectivos**.
- ✓ **Conocer y aplicar las normas ortográficas** que se estudian en el curso.
- ✓ **Explicar y comprender el sentido global de textos o conversaciones orales**, tales como la narración de vivencias, experiencias y preferencias personales, la descripción de personas, lugares y objetos, adivinanzas, cantinelas...
- ✓ **Leer distintos tipos de texto comprensivamente, manteniendo la pronunciación, la entonación y el ritmo adecuados, extrayendo el sentido global e identificando también algunos detalles concretos, y siendo capaces de expresarlo en sus respuestas correctas a preguntas orales y escritas**.
- ✓ **Redactar instrucciones, avisos escolares, carteles, caligramas, cuentos, descripciones, noticias, textos periodísticos, textos instructivos, diálogos, cartas y correos electrónicos...**, mostrando interés y atendiendo a la corrección ortográfica, al uso de un vocabulario adecuado y variado y a la corrección gramatical.
- ✓ **Captar el sentido de textos literarios (poemas, villancicos, textos poéticos...) y representarlo por distintos medios**.
- ✓ **Extraer información sobre varios temas en textos de procedencia diversa y ampliarla mediante el uso de las TIC**.

4.3 -ÁREA DE MATEMÁTICAS

Esta área, poderíamos definila como *“un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais”*. Por iso consideramos fundamental centrar o traballo na propia experiencia do alumnado partindo sempre de situacións concretas da vida cotiá para pouco a pouco ir xeneralizando ata acadar a resolución de situacións problemáticas máis complexas. Os contidos están organizados en **cinco grandes bloques**:

1. **Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.**
2. **Números.**
3. **Medida.**
4. **Xeometría.**
5. **Estatística e probabilidade.**

Estes cinco bloques teñen en común o punto fundamental desta área, a resolución de problemas, na que para chegar á súa solución trabállanse antes moitos aspectos fundamentais: lectura, comprensión, planificación, estratexias de resolución...

Dividiremos a materia en unidades didácticas que serán repartidas ao longo das tres avaliacións. O bloque primeiro, (procesos, métodos e actitudes matemáticas) estará presente en todas as unidades didácticas.

A continuación desglosaremos os distintos elementos curriculares, dentro da área de matemáticas:

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
Estándares de aprendizaxe	Competencias	Contidos mínimos
	Criterios de avaliación mínimos	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias deresolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MTB1.1.1. Analiza e comprende enunciados dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000 MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental. MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
B3.3. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.	MTB3.3.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude. MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.
B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as moedas e billetes, utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.
B4.1. Identificar figuras planas.	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas. MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- Descomposición, comparación e ordenación de números naturais.
- Aproximación de números dende as decenas, ata as decenas de millar.
- Lectura e escritura de números ordinais ata o nº30.
- Aproximación de sumas e restas.
- Resolución de sumas, restas e multiplicacións con levadas e divisións e identificación dos seus términos.
- Procedemento para a resolución de sumas ou restas combinadas cunha multiplicación. Resolución de problemas.
- Identificación de corpos xeométricos: corpos redondos, prismas, pirámides e as súas partes e desenvolvementos planos.
- Recoñecemento de polígonos, identificándos seus elementos e clasificación.
- Construción de círculos e de triángulos, con compás e regra.
- Procedemento de cálculo do perímetro.
- Coñecemento e clasificación de segmentos, semirrectas e rectas, rectas paralelas, secantes e perpendiculares.
- Identificar, comparar e clasificar ángulos.
- Elaboración de diagramas de barras a partir dunha táboa de frecuencias.
- Construción de figuras simétricas.
- Lonxitude, masa e de capacidade: unidades e equivalencias.
- Identificación e combinación de moedas e billetes para conseguir unha cantidade.
- Unidades de tempo e interpretación da hora en diferentes reloxos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS

- Descompoñer e compoñer números naturais.
- Aproximación de números dende as decenas, ata as decenas de millar.
- Ler e escribir ordinais ata o 30.º.
- Estimar o resultado de sumas e restas.
- Resolver sumas, restas e multiplicacións con levadas e divisións.
- Operar combinadamente sumas ou restas cunha multiplicación.
- Utilizar a proba da división para comprobar a súa correcta resolución.
- Comprender os problemas e as situacións que se suscitan e aplicar estratexias para a súa resolución.
- Coñecer e identificar corpos: corpos redondos, prismas, pirámides, e o seu desenvolvemento plano.
- Diferenciar os polígonos, a súa clasificación e os seus elementos.
- Construír círculos cun compás.
- Calcular o perímetro de figuras planas sinxelas.
- Identificar e trazar segmentos, semirrectas e rectas paralelas, secantes e perpendiculares.
- Distinguir ángulos e coñecer os seus elementos e clasificalos segundo a súa abertura ou amplitude.
- Debuxar figuras simétricas.
- Representar datos en diagramas de barras a partir da información recolleita en táboas de frecuencias.
- Establecer equivalencias entre unidades de lonxitude, masa e capacidade.
- Identificar e combinar billetes e moedas de euro para conseguir unha cantidade.
- Utilizar apropiadamente as unidades de tempo para medir un intervalo ou período.
